

BLOQUE 1: S.XVI-XVII

TEMA 1: A NOVA MONARQUÍA DOS REIS CATÓLICOS (UNIÓN DINÁSTICA, REORGANIZACIÓN POLÍTICO-ADMINISTRATIVA)

En 1469 tivo lugar o matrimonio entre Isabel I de Castela e Fernando II de Aragón, dando lugar a unha unión dinástica e relixiosa en gran parte da Península. Con eles entramos na Idade Moderna.

MATRIMONIO E UNIÓN DINÁSTICA:

Isabel de Castela, irmán do rei Enrique VI, casa co herdeiro ao trono aragonés, Fernando de Aragón en 1469.

Coa morte do rei de Castela, Isabel pugna polo trono ao mesmo tempo que a súa sobriña, Juana, chamada “A Beltranexa”. Isto dará lugar a unha guerra civil no reino: os que apoian a Juana (Portugal, Francia, e membros da alta nobreza castelá) e os que apoian a Isabel (a coroa de Aragón e a baixa nobreza). A derrota dos partidarios de Juana na batalla de Toro (1476) marcou o desenlace da guerra civil.

Ese mesmo ano, en 1476, Fernando é coroado rei de Aragón. Culmínase así a unión entre estes dous reinos.

Non obstante non será unha unión nun só reino, senón que será unha **unión dinástica**, establecida a través do documento a “**Concordia de Segovia**” (1475). Nesta quedou establecida o papel que asumiría Fernando en Castela. Así, estipulábase que ambos os dous conservarían o seu poder en cada territorio ante o temor por parte de Isabel de que Fernando pretendere ser declarado o único herdeiro lexítimo por ser varón nos dous reinos. Esta unión era, polo tanto, de tipo dinástico e en ningún caso implicaba unha unión política de ambos reinos. Tiñan en común as persoas dos reis que as gobernaban conxuntamente, pero cada reino conservaba a súa independencia política, as súas leis, impostos, moedas e principais institucións, aínda que poderían tomar decisións en común.

EXPANSIÓN TERRITORIAL:

Unha vez a súa unión queda consolidada os Reis Católicos inician unha política expansiva, coa finalidade de ampliar o seu territorio e a unificación relixiosa da península.

Así, levan a cabo a **conquista do Reino Nazarí de Granada** o 2 de xaneiro de 1492, eliminando o último reino musulmán da península. Tras esta conquista, o Papa outórgalles o título de Reis Católicos.

Co **descubrimiento de América** por parte de Colón ese mesmo ano conseguen obter máis territorios, as chamadas Indias, que axudarán no mantemento económico do reino.

En 1512, baixo ou pretexto dun enfrontamento co monarca francés, as Cortes de Castela declararon a **anexión do Reino de Navarra**.

Relacionado coa súa ansia de expansión territorial, levaron a cabo unha **política de unións matrimoniais** dos seus distintos fillos e fillas cos herdeiros de varias casas europeas (Inglaterra, Flandes e Portugal), buscando alianzas políticas. O casamento da súa filla Juana con Felipe, “o fermoso” da casa dos Austria (Habsburgo), levará á futura entrada deste casa na monarquía española, co fillo de ambos, Carlos, futuro Carlos I.

POLÍTICA RELIXIOSA:

Ambos monarcas levarán a cabo unha política relixiosa baseada na uniformidade relixiosa, onde só a relixión cristiá será a válida en todo o territorio.

A primeira medida será a **expulsión dos xudeus** da Península en 1492.

Unha vez conquistada Granada procederán á conversión forzosa dos mudéxares (musulmáns en terras cristiáns) que serán “**CONVERSOS**”¹ forzosos.

Esta política será reforzada e vixiada a través do **Tribunal da Inquisición**.

REFORMA ADMINISTRATIVA:

Os RRCC acometeron unha fonda reforma administrativa e política e son considerados pola historiografía española como os monarcas que inician a transición do medievo á modernidade. Estas reformas estaban orientadas a fortalecer o poder dos monarcas fronte o da nobreza, marcando o nacemento da **Monarquía autoritaria** extinguindo a de tipo feudal.

As reformas na Coroa de Aragón foron máis difíciles de establecer, dada a tradición “pactista”² do poder monárquico nese territorio, cunhas Cortes poderosas. Non obstante, nace a figura do **lugartenente xeral**, representante real, importante polas frecuentes ausencias de Fernando.

As reformas foron máis efectivas na **Coroa de Castela**, debido en gran parte a debilidade de parte da nobreza por ter apoiado a Juana na guerra civil. Así, veremos unha maior centralización do poder do monarca:

- **REFORMA DO GOBERNO CENTRAL:**
 - Institucionalizouse o **Consello Real de Castela** como órgano supremo de goberno e de xustiza. A introdución de funcionarios reais con formación xurídica profesionalizou este organismo e minguou o poder da nobreza. Encargado de asesorar aos reis e aplicar as súas políticas.

¹ CONVERSO: Persoa que acepta unha crenza relixiosa diferente á que profesaba. Na España dos séculos XVI e XVII aplicábase especialmente aos musulmáns e xudeus que se convertían ao cristianismo, ben por convicción, ben por evitar persecucións, especialmente a partir do reinado dos Reis Católicos. Foron controlados polo Tribunal da Inquisición, sendo sospeitosos de profesar a súa relixión de xeito secreto.

² A Coroa de Aragón estaba formada por 3 territorios (Valencia, Cataluña e Aragón), con tres Cortes, leis e institucións distintas, polo que os monarcas chegaban a acordos (“pactismo”) constantemente para levar a cabo a súa labor.

- Nacen máis **consellos** especializados, a nivel territorial, como o Consello de Aragón, e Navarra, ou administrativos, como o de Facenda, as Indias ou da Inquisición.
- **Redúcese o poder das antigas Cortes de Castela** que serán meramente consultivas (onde se reunían os estamentos privilexiados e os representantes das principais cidades do reino). A súa importancia política foi decaendo e só foron convocadas para xurar aos herdeiros no seu cargo ou para reclamar algún subsidio extraordinario.
- Establecéronse novos cargos de goberno: os **secretarios reais** que se encargaban de mediar entre os diferentes consellos e os monarcas, e os **vicereis**, que representarían aos soberanos naqueles territorios que pola súa distancia facía imposible a presenza dos reis.
- REFORMA DE XUSTIZA: Creación de tribunais de xustiza formadas por persoas con estudos universitarios:
 - **Chancillerías**: son os tribunais superiores de xustiza, había 2 en Valladolid (metade norte) e Granada (metade sur)
 - **Audiencias**: tribunais de xustiza (A Coruña, Sevilla, Canarias, Mallorca).
- REFORMA DO GOBERNO LOCAL: Consólidase a figura do **correxidor**, posto de designación real que se encargaba do goberno das cidades e tiña competencias administrativas, xudiciais e militares. A súa actuación freou o poder das oligarquías locais (nobreza e burguesía) a favor da autoridade real.
- REFORMA FISCAL: Creación da **Facenda Real**, organismo creado para reformar o sistema fiscal para aumentar os ingresos da Coroa, coa centralización da recadación de impostos.
- REFORMA DE ORDE PÚBLICA: Créase tamén a **Santa Irmandade**, organismo de orde pública e protección, co establecemento dun exército permanente, financiado ao marxe da nobreza.
- Para mellorar o funcionamento do estado colocáronse a profesionais (avogados, economistas, etc.) nos postos importantes da administración. Impulsouse a **creación de universidades** como a de Alcalá de Henares nas que se formarían aos futuros funcionarios.
- A única institución común en ambos reinos foi o **Tribunal da Santa Inquisición** (1478), tribunal encargado de manter a ortodoxia relixiosa en todo o territorio, especialmente entre os conversos (xudeus e musulmáns convertidos). Foi unha ferramenta política para consolidar a unidade relixiosa e reforzar o poder da monarquía.

Cos RRCC vemos os primeiros pasos do establecemento da futura Monarquía hispánica, que se consolidará co reinado do seu neto Carlos I e o seu fillo Felipe II.

BIBLIOGRAFÍA E ENLACES WEB:

AA.VV. *Historia de España. 2º bacharelato*. Baia ediciós

[Reyes Católicos: quiénes fueron y sus características](#)

http://iris.cnice.mec.es/kairos/enseanzas/bachillerato/espana/estadomoderno_01_00.html